

Mal falado

Entre os mitos do imaxinario dos/as puristas da linguaxe hai un que destaca: hai xente que fala mal. Por que? Porque son demasiado coloquiais, a súa variedade xeográfica non é moi prestixiosa ou son persoas descoidadas que non manteñen a pureza da súa lingua.

Nunha situación normal, dicir que alguén fala mal a súa lingua é unha falacia. A lingua, mecanismo de comunicación, cumpre a súa función cando permite que as persoas se entendan. Falar mal castelán sería dicir cousas como: “está mucho bien era yo”. Isto é: construír estruturas agramaticais. Porén, falar con acento andaluz (crítica actual da dereita máis rancia, clasista e xenófoba) é tan correcto como falar con acento madrileño ou murciano. Por outra banda, a diversidade de rexistros que presenta a lingua pode ser unha causa de discriminación cando a alguén se lle ocorre pensar que falar “ben” significa falar culto. A existencia do estándar (necesario para a educación, para os medios e para manter o status da lingua) pode crear a falsa percepción de que apenas a variedade estándar é válida, cando é só unha construción máis ou menos arbitraria e convencional.

No caso do galego, é preciso que todos os axentes encargados da normalización intenten evitar que a lingua se encha de castelanismos, dado que estas influencias do castelán non son froito dunha situación natural de contacto entre linguas, senón dun proceso de substitución lingüística entre unha lingua hexemónica a outra minorizada. Porén, tamén no noso caso hai mitos e prexuízos. Un deles é o dos/as falantes que non valoran a súa propia competencia lingüística: “é que eu non falo ben o galego” ou “é que eu non sei falar o galego da televisión”. Este prexuízo nace da falsa identificación do estándar coa lingua real e, na miña opinión, entraña un perigo invisíbel: o de que os e as falantes teñan medo de falar a súa lingua con naturalidade.

1. Escolle unha destas dúas cuestións (se queres practicar, podes facer as dúas):

- a) Fai un esquema das ideas principais e secundarias do texto.
- b) Indica o significado que teñen no texto as palabras subliñadas.

2. Nos contextos formais adoitan evitarse os trazos dialectais da lingua oral en favor dun modelo máis neutro e estandarizado. En relación con isto, a autora do texto móstrase crítica con que se identifique *falar mal* con expresarse mediante a variante xeográfica propia de cadaquén. Redacta un texto expoñendo a túa opinión con respecto a este tema, isto é, debemos expresarnos oralmente mediante a nosa variante dialectal en calquera contexto? [200-250palabras].

Data límite de entrega: 29de maio